

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Sección Desenv.Territ., Coop.e Medio Ambiente

Modificación das bases do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión plenaria ordinaria do día 23.03.2018, adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe:

Modificar as bases do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, no sentido seguinte:

“1. Modificación da “Base 9ª. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO”

Onde dí:

“O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día 30 de novembro de 2017, ás 14:00 horas, salvo que se trate de investimentos, en cuxo caso o prazo rematará o 31 de marzo de 2018, ás 14:00 horas.”

Pasa a dicir:

“O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día 30 de novembro de 2017, ás 14:00 horas, salvo que se trate de investimentos, en cuxo caso o prazo rematará o 30 de xuño de 2018, ás 14:00 horas.”

2. Modificación da “ADDENDA ÁS BASES”

Onde dí:

“... ”

... o prazo de remisión da documentación necesaria para a elaboración do Plan Adicional rematará o día 31.03.2018, ás 14:00 horas.

....”

Pasa a dicir:

“... ”

... o prazo de remisión da documentación necesaria para a elaboración do Plan Adicional rematará o día 30.06.2018, ás 14:00 horas.

....”

3. Nova “ADDENDA BIS”

Os prazos previstos nestas bases para a contratación, execución e xustificación dos investimentos, poderán ser obxecto de prórroga mediante resolución do Presidente da Deputación Provincial da Coruña, despois de petición razoada dos concellos interesados.”

A Coruña, 23 de marzo de 2018

O Presidente,

Valentín González Formoso

O Secretario,

José Luis Almau Supervía

2018/2314